

PREGUNTA DE AER SOBRE A MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV). (Rex. Entrada 24.10.2018, 2018-E-RPLN-19)

PLENO 25 OUTUBRO 2018. ACTA 12/2018

Tendo en conta as seguintes consideracións:

- O Concello de Redondela ten consignada permanentemente unha partida económica para o mantemento da MAIV.
- A MAIV nunca chegou a levar a cabo ningún dos obxectivos para os que foi creada.
- As accións de carácter formativo que desenvolve son as mesmas que en Redondela, podemos prescindir delas.
- No pleno anterior constaba na orde do día un debate sobre a súa disolución.
- Os representantes do PP de Redondela non asisten aos plenos da MAIV.

Descoñecemos as razóns polas cales non asistiron os representantes do PP de Redondela a un pleno no que se trataría a disolución da MAIV e descoñecemos cal é a súa posición o respecto.

En virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Parécelle máis importante cobrarlle mil euros máis a AUDASA que tirar con máis de 26.000€ por nada?"

Resposta: O alcalde resposta que son da idea de que a área metropolitana ten que ter outra finalidade, pero quen a está liderando está poñendo por diante uns dereitos sobre os doutros, teñen como ferramenta a mancomunidade, pero teñen o mesmo líder que o está paralizano, di que están dentro porque consideran que é o elemento onde poden facer colaboracións puntuais, non a quere disolver porque non ten ferramenta para relacionarse con outros concellos para plantexar proxectos conxuntamente. Se abandona poden ter problema na liquidación xa que poden perder na orde de 130.000 euros. A disolución corresponde cando a área metropolitana funcione e teñan a alguen que a lidere.